

Fragmento: "A desgaleguización de Galicia"

Igual se podería decir a despersoalización da Galiza, porque do que se trata é de que a nosa terra perda a súa persoalidade propia e peculiar pra trocala por outra allea que debe ter unha forza asoballante de atracción cando conquiere arrastrar cabo de sí a unha gran parte de galegos, que se avergoñan de selo, e pra conquistar esta meta o millor camiño é o de borrar a Galicia do mapa como país natural e pintala da coor da metrópoli xa que os galegos renegados están degarando, por intres, o deixar de ser colonia pra se integrar na unidade patria.

Cada país ten a súa facies xeográfica, etnográfica, natural i exprésase no seu idioma pra se enxerguer entre sí os nativos díl e tamén cos demais, si fose preciso.

Deica agora Galicia viña sendo unha «Punta de Europa», unha terra verde, non somentes a causa da nubosidade do seu ceo, senón tamén polo infruxo dos mil ríos que a regaban fertilizándola.

Era un país de chan granítico, na súa mor parte, con lixos pizarrentos eiquí e acolá que detremiñaban o modo constructivo das súas vivendas, espaxadas comenentemente pra o millor aproveitamento das terras.

O espallamento da poboación en pequenos habitats axuntados en parroquias, era unha das súas principais características, herdada dos tempos prehistóricos cando os primeiros habitantes da Gallaetia vivían nos castros, que foron base, andando o tempo, das parroquias. Iste xeito de viviren o galegos foi imposto pola modelación do tarreo rico en outeiros de máis ou menos cota i en valgadas de terras farturentas e axeitadas pra a agricultura, características que se dan asemade noutros Fisterres europeos, como a Bretaña, Irlanda e Gales, polo que houbo historiadores galegos que quixeron atopar afinidás entre aqueles pobos e o noso baseándose nun posíbel fondo racial común herdado dos celtas.

Todo esto que lle da persoalidade podíasele perdoar a Galicia e incluso aproveitalo pra fomentar o turismo. Pódeselle perdoar que chova moito e que fique lonxe dos grandes centros urbáns da Península. O imperdoabel, o que non ten desculpa nin se pode ademitir nun país progresista é que os galegos non falen como os demais españois e teñan un idioma de seu, polo tanto, hai que civilizalos, hai que os incorporar á civilización e pra eso o paso máis importante, polo de agora, é obrígalos a falar en castelán. E digo polo de agora, porque coa marcha que levan os tempos e a política internacional é de supoñer que, non tardando moitos anos, sexan outros pobos quen se encarguen da nosa colonización e o castelán, que hoxe priva, sexa substituído polo inglés, polo ruso ou polo chinés, que parecen ser os idiomas de máis porvir.

En opinión dos técnicos Galicia é un país atrasado a causa do minifundio, do espallamento da poboación e, sobre todo, do idioma, e pra arranxar todo isto e levarnos á felicidade terrenal estamos a vivir na Era das concentracións e así temos concentración agraria ou parcelaria, concentración escolar, concentracións urbáns, concentracións fluviaes ou pantanos e concentracións emigratorias lonxe da terra.

A concentración escolar é unha das armas máis eficaces pra acabar de matar a fala e o espírito galego, así como as concentracións fluviaes foron o millor xeito de acabar cos vales onde estaban as terras máis ricas e máis productivas de Galicia.

Calqueira que teña cheirado algo de Antropoloxía sabe que o home é máis fillo do seu «medio circundante» que da educación que se lle dea. A concentración escolar acaba co medio familiar e aldeán no que viñan vivindo e medrando os nenos galegos, no

que adeprendían a fala que durante séculos se veu trasmitindo de xeneración en xeneración, no que adeprendían a amar a súa terra e as tradición seculares de ela.

Unha das cousas máis bonitas que se vai conquistar con estas concentracións, axudadas polos medios televisivos, é o acabar coa música popular que, non tardando, desaparecerá por completo e será substituída polos preciosos e inspiradísimos cantos escolares que lles ensiñen nas escolas. Dentro de pouco o panorama musical español estará uniformado por completo. Acabarase co esa anarquía de que os andaluces canten flamenco, os aragoneses presuman da súa jota e os galegos boten aturuxos e canten alalás ou foliadas, porque todos cantarán «Yo tenía un camarada» e outras cántigas polo xeito co que todos se entenderán perfectamente.

Polo que toca ao idioma, si ben é certo que a nova «Ley de Educación reconoce a existencia dos idiomas vernáculos e di que nas rexións bilingües debe alternarse o estudio da lingua nacional co da vernácula respectiva, nada efectivo se fixo ata de hoxe, por cúa razón, según leemos na prensa española, nistes días de mediados de setembro axuntáronse en San Sebastián os alcaldes das tres capitais e os Presidentes das Diputacións vascas para tratar do ensino do euskera nas escolas nacionais. ¿Fixeron algo semellante con respecto ao idioma galego os alcaldes e Presidentes da Diputación galegas?

(El Ideal Gallego, 30-9-73)